

Sr. D. Abel Ramón Caballero Álvarez  
Alcalde - Presidente do Concello de Vigo

Vigo, 6 de novembro de 2018

Elena Muñoz Fonteriz, voceira do Grupo Municipal do Partido Popular de Vigo, comparece perante a Secretaría xeral do Pleno da Corporación e, como mellor proceda, di:

I.- Que con data 24 de outubro de 2018 a Xunta de Goberno Local do Concello de Vigo aprobou en sesión extraordinaria urxente o Proxecto de modificación orzamentaria nº 94/2018 (Expte. 20183/240)

II.- Que con data 30 de outubro de 2018 celebrouse a comisión informativa de orzamentos e facenda na que se deu traslado aos grupos municipais dunha copia do mencionado expediente de modificación orzamentaria, acordándose abrir un prazo de emendas ao mesmo ata o 6 de novembro de 2018.

III.- Como cuestión de orde previa debemos manifestar a nosa sorpresa ante os diferentes criterios de tramitación de expedientes análogos por parte do goberno e dos servizos técnicos deste Concello. A este respecto compre lembrar que o pasado 14 de xuño de 2018 a Xunta de Goberno Local aprobaba a modificación orzamentaria 29/2018 que foi ditaminada pola comisión informativa de orzamento e facenda en data 20 de xuño de 2018 e sometida á a probación do Pleno da Corporación en data 27 de xuño de 2018 sen que daquela se sometese o expediente a emendas dos grupos municipais deste Concello.

Se agora, tal como se aduciu no debate na Comisión de orzamentos e facenda, se somete este expediente Proxecto de modificación orzamentaria nº 94/2018 a emendas dos grupos municipais en cumprimento do regulamento orgánico do Concello e en aras de obter a máxima "seguridade xurídica", resultaría necesario comprobar se na tramitación da modificación orzamentaria 29/2018 non se vulnerou o dereito dos grupos municipais á presentación de emendas contemplado no regulamento orgánico do Pleno do Concello de Vigo.

IV.- En canto ao fondo do contido da Proxecto de modificación orzamentaria nº 94/2018 (Expte. 20183/240) compre resaltar varios aspectos con que o grupo municipal do Partido popular de Vigo non pode estar de acordo.

No expediente que se achega faise constar que "A Xunta de Goberno Local en sesión de 28 de xuño de 2018, adoptou o acordo de incoar o expediente de liquidación do Contrato de Concesión de Obra Pública en base ao informe de valoración da firma Nostrum Auditores SLP (35.214.920,04 euros) que foi

*sometida a consideración da Xunta Xeral de Acreedores en sesión celebrada o 4 outubro na que foi aprobada a proposta do Administrador concursal por unanimidade dos asistentes.”*

O devandito acordo da Xunta Xeral de Acreedores non figura documentado nin no expediente da presente modificación orzamentaria nin no expediente de liquidación da concesión de obra pública para a construción e explotación do auditorio-pazo de congresos, con zonas complementarias (Expte. 6184-241) aprobado pola Xunta de Goberno Local o 22 de outubro de 2018.

Así as cousas, a contía da indemnización proposta de 35.214.920,04€ descoñécese se é definitiva ao non constar fehacientemente o suposto acordo da Xunta de acreedores nin ningún documento dos mesmos no que comprometan a non realizar reclamacións posteriores.

De feito a textualidade do acordo da Xunta de Goberno de 22 de outubro de 2018,

*2º.- Liquidar o contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congresos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo. A liquidación arroxa un saldo favorable ao contratista de 35.214.290,04 euros , tal e como despréndese do informe realizado a instancia desta Administración polo Perito-Economista Auditor, D. Dalmiro R. Pérez Gómez, e que consta no expediente*

limitábase a remitir o importe da indemnización proposta ao informe do perito de parte do Concello e non ao acordo da Xunta de Acreedores.

A maiores, tampouco queda acreditada documentalmente no expediente a xustificación da premura de aprobar e abonar a indemnización proposta no vixente exercicio co conseguinte e grave quebranto económico que vai a producir nas contas do concello, e que pode supoñer segundo consta no informe da intervención municipal a posibilidade de ter que elaborar e aprobar un plan económico financeiro como consecuencia do estado de liquidación do orzamento.

V.- Por outra banda, na proposta de acordo que se achega no Proxecto de modificación orzamentaria nº 94/2018 (Expte. 20183/240) por importe de 15.614.920,04 euros aplica os fondos sobre unha partida 62200070 do capítulo de investimentos cualificando dito emprego como “indemnización para a resolución do contrato Pazo de Congresos.”

A este respecto compe resaltar o incongruente que resulta cualificar como “indemnización” unha partida de investimento.

Tamén a este respecto debemos observar que o Pazo de Congresos Auditorio Mar de Vigo figura inscrito no inventario municipal de Bens e dereitos revertibles co número de inscrición 440 razón pola cal resulta tamén incongruente que a aplicación dos fondos se faga sobre unha partida do capítulo 6 de investimentos, artigo 62: Novo investimento asociado ao funcionamento operativo dos servizos, cando a inscrición no inventario

municipal revela a condición municipal do Auditorio Pazo de Congressos Mar de Vigo.

VI.- Debemos reseñar tamén o que sen dúbida se pode calificar como “baile de números” que consta na documentación aportada para chegar á cifra supostamente aceptada pola Xunta de Acreedores.

Así por unha banda na memoria da modificación orzamentaria que nos ocupa, no seu antecedente duodécimo di textualmente:

*“En consecuencia co anterior, a Xunta de Goberno local en base aos antecedentes e informes xurídicos e de fiscalización que figuran no expediente, en sesión celebrada 22 de outubro, aproba a indemnización a satisfacer pola resolución do concurso de acreedores e polos activos entregados ao Concello o 31 de marzo, en 35.214.920,04 euros, que supón un aforro en relación coa indemnización solicitada e descontada a aportación pública á obra, de 10.898.5435,62 euros.”*

Pola contra o informe da Asesoría Xurídica Municipal de data 22/10/2018 contido no expediente de liquidación da concesión de obra pública para a construción e explotación do auditorio-pazo de congresos, con zonas complementarias (Expte. 6184-241) di textualmente:

*“Por medio da dilixencia de ordenación do 12 de xullo do 2018 se trasladou copia do informe da Administración Concursal (11/7/18), que mantén o pasivo concursal nun total de 86.343.184 €. Dos cales os créditos concursais ascenden a 39.003.912 € (38.599.317 € como subordinados). Propoñía unha quita duns 5 MM€ e calculou unha proposta de liquidación municipal por importe de 35.214.920 €.”*

A vista do exposto e da falta do soporte documental no expediente que xustifique os importes considerados, semella que houbera un uso interesado das cifras expresadas para chegar a o resultado desexado.

VII.- Para rematar, o punto primeiro da proposta de acordo que se achega no Proxecto de modificación orzamentaria nº 94/2018 (Expte. 20183/240),

*PRIMEIRO.- Aprobar a modificación orzamentaria nº 94/2018, Suplemento de Crédito, correspondente ao expediente 20183/240 por unha contía de 15.614.920,04 euros, para facer fronte aos empregos que mais abaixo se relacionan, sendo este o financiamento adicional que xuntamente con outras dispoñibilidades ou estimación de ingresos adicionais, é suficiente para afrontar o gasto.*

...//...

A este respecto debemos remitirnos ao informe da intervención municipal de data 22/10/2018 contido no expediente expediente de liquidación da concesión de obra pública para a construción e explotación do auditorio-pazo de congresos, con zonas complementarias (Expte. 6184-241) no que textualmente se sinala que:

*“Consultada a base de datos de contabilidade do Concello de Vigo, para facer fronte ao gasto de 35.214.290,04 en concepto de liquidación do contrato de concesión de obra pública para a construción e explotación do Auditorio-Pazo de Congressos, con zonas complementarias, na Avda. de Beiramar, en Vigo, existe crédito dispoñible na aplicación orzamentaria 9330.6220070 do vixente orzamento “Indemnización liquidación Pazo Congressos” por importe de 8.000.000,00 euros, sendo polo tanto o crédito previsto insuficiente para financiar a totalidade do gasto proposto, polo que previamente deberá aumentarse o crédito dispoñible en dita aplicación por importe de 27.214.290,04 euros mediante a tramitación da oportuna modificación orzamentaria”*

Este informe da intervención municipal revela a incapacidade desta modificación de crédito para facer fronte a toda a indemnización prevista ao non cuantificar nin detallar o que denomina como “outras dispoñibilidades ou estimación de ingresos adicionais” que terían un importe de 11.599.370 euros, o que supón unha clara intención do goberno de encubrir a obtención dos fondos necesarios para o pagamento desta indemnización.


Así, á vista do exposto, que se pode resumir nos seguintes puntos:

- Falta de documentación no expediente.
- Incongruencia das cifras que se manexan, así como incapacidade desta modificación para facer fronte á indemnización prevista.
- Falta de explicacións por parte do Alcalde de Vigo ao Pleno do Concello dos antecedentes e da súa xestión, así como da escura xestión coa que se está a desenvolver o presente expediente.

O Grupo Municipal do Partido popular de Vigo non ten mais que constatar unha imposibilidade material de facer alegacións ao presente Proxecto de modificación orzamentaria nº 94/2018 (Expte. 20183/240) polos motivos expostos, SOLICITANDO

Se teña por presentado este documento e se nos facilite toda a documentación que non consta no expediente, segundo o exposto, para poder facer elgacións ao mesmo.

Vigo, a 6 de novembro de 2018



Asdo. Elena Muñoz Fonteriz.  
Concelleira do Grupo Municipal Popular